

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 3 DE XULLO DE 2017.**

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Quedou pendente para un mellor estudo.

2.- EXPEDIENTE 2893/2017. LICF FESTAS SUXEITAS A LICENZA. FESTA ANEGA EN CAMPO DA FEIRA VELLO.

Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS**, consistente na celebración de concerto o día 22/07/17, no Campo da Feira Vello – Lalín.

3.- EXPEDIENTE 2869/2017. SOLICITUDES DE ALTA EN AUGA E SANEAMENTO.

Concederóense varias autorizacións de altas na acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador.

4.- EXPEDIENTE 2970/2017. PROCEDEMENTO APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS 00049 XGL 3 XULLO.

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00049 por importe de 192.917,26 €.

5.- EXPEDIENTE 2321/2017. FACTURACIÓN MAIO 2017: SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN MAIO 2017 DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA.

- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN MAIO 2017 DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA.

6.- EXPEDIENTE 2769/2017. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (POLICIA).

Quedou pendente para un mellor estudo.

7.- EXPEDIENTE 2870/2017. DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Dáse conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra, polo que comunican a concesión ao Concello de Lalín dunha subvención.

8.- EXPEDIENTE 2895/2017. DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2017. REDE DE SENDEIROS NO CANDÁN E MELLORAS EN BUSTELOS, VILATUXE E ZOBRA. FASE I.

Dáse conta do escrito remitido pola Xunta de Galicia-Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, comunicando a concesión ao Concello de Lalín dunha subvención do Fondo de Compensación Ambiental 2017.

9.- EXPEDIENTE 2891/2017. DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN PARA ACONDICIONAMENTO PASEO FLUVIAL RÍO PONTIÑAS-ZONA AUDITORIO.

Dáse conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra polo que comunican a concesión ao Concello de Lalín dunha subvención ao abeiro do Plan Concellos 2017, Liña 1.

10.- EXPEDIENTE 3016/2017. AUTORIZACIÓN PARA USO DE ESPAZO NO CONCELLO DE LALÍN.

Concedese autorización para usar o espazo dentro do recinto do Concello de Lalín para a realización de actividades cos visitantes os días 4, 19 e 29 de xullo de 2017, pola mañá.

11.- EXPEDIENTE 3017/2017. EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE RESERVA SALA NA UNED.

Este expediente retirouse da sesión.

12.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2370/2017. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DENOMINADO “ADQUISICIÓN DE MATERIAIS PARA REPARACIÓN DE PISTAS NO TERMO MUNICIPAL DE LALÍN” (CSU112017).

Acordouse aprobar o expediente de contratación denominado “ADQUISICIÓN DE MATERIAIS PARA REPARACIÓN DE PISTAS NO TERMO MUNICIPAL DE LALÍN”.

13.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:

APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DENOMINADO “SERVIZO DE MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE LALÍN ” (CSE072017).

Acordouse aprobar o expediente de contratación denominado “SERVIZO DE MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE LALÍN ”.

14.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2060/2017. LICENZA DE SEGREGACIÓN.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN para finca no lugar de Vista Alegre, parroquia de Soutolongo, Lalín.

15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3072/2017. CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN "ADQUISICIÓN DE DIVERSO MATERIAL PARA USO INFORMÁTICO E PARA A IMPLANTACIÓN DA E-ADMINISTRACIÓN".

Dáse conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra-Resolución Presidencial, polo que comunican a concesión ao Concello de Lalín dunha subvención para o seguinte investimento: ADQUISICIÓN DE DIVERSO MATERIAL PARA USO INFORMÁTICO E PARA A IMPLANTACIÓN DA E-ADMINISTRACIÓN.

16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3037/2017. SOLICITUDE USO PAVILLÓN. FERNANDO MATOS PORTUGAL. 31 DE AGOSTO.

Acordouse conceder autorización municipal para pernoctar en Lalín no Pavillón Polideportivo un grupo de 20 personas, con motivo da súa peregrinación a Santiago de Compostela, chegando á tarde do día 31 de agosto de 2017 e saíndo o día 1 de setembro de 2017 pola mañá.

17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA

APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3035/2017. SOLICITUDE USO PAVILLÓN MUNICIPAL. ROBERTO CASTEGNARO DE ITALIA. 10 DE AGOSTO.

Acordouse conceder autorización municipal para aloxarse no Pavillón Polideportivo cun grupo de 40 xóvenes, con motivo da súa peregrinación a Santiago de Compostela, chegando o día 10 de agosto de 2017 e saíndo o día 11 de agosto de 2017 pola mañá.

18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2947/2017. SOLICITUDE USO PAVILLÓN MUNICIPAL PARROQUIA NTRA SRA DE LA ASUNCIÓN. 10 DE XULLO.

Acordouse conceder autorización municipal para pernoctar en Lalín no Pavillón Polideportivo cun grupo de 35 persoas, con motivo da súa peregrinación a Santiago de Compostela, chegando a mediodía o luns día 10 de xullo de 2017 e saíndo o día 11 de xullo de 2017 pola mañá.

19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3029/2017. SOLICITUDE USO PAVILLÓN MUNICIPAL GRUPO SCOUT DE BADAJOZ. 24 DE XULLO.

Acordouse conceder autorización municipal para aloxarse no Pavillón Polideportivo cun grupo de 70 persoas con motivo da súa peregrinación a Santiago de Compostela, chegando á mediodía o día 24 de xullo de 2017 e saíndo o día 25 de xullo de 2017 pola mañá.

20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3036/2017. SOLICITUDE USO PAVILLÓN MUNICIPAL. PORTUGAL 29 DE AGOSTO.

Acordouse conceder autorización municipal para aloxarse no Pavillón Polideportivo cun grupo de 17 persoas, con motivo da súa peregrinación a Santiago de Compostela, chegando pola mañá o día 29 de agosto de 2017 e saíndo o día 30 de agosto de 2017 pola mañá.

21.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3047/2017. SOLICITUDE PERMISO PARA CELEBRACIÓN DA IV ROMARIA DO SOCIO DA BANDA DE LALIN.

Acordouse conceder autorización municipal para a instalación dunha Carpa no último tramo da rúa do Parque para o día 8 de xullo de 2017 para a celebración da IVª Romaría do Socio dende as 10:00 horas ata as 22:00 horas.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:15 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.